

INTERVENCIÓN DO CONSELLEIRO

PREGÓN NADAL BEGONTE

Sábado, 30 de novembro de 2024



1. INTRODUCCIÓN

- Boas tardes, begonteses e begontesas... Begontinos e begontinas...
- Síntome moi honrado de poder acompañarvos a todos nunha data tan sinalada como o **comezo do Nadal para todo o Concello...**
- Hónrame especialmente poder celebrar o Nadal nunha localidade como Begonte, onde estas festas cobran un significado especial grazas ao **papel protagonista dun emblema xa clásico do concello: o seu Belén electrónico...**

- **O Belén chegou a Begonte hai 53 anos...**
Unha época na que **a maior estrela do fútbol nacional era Gárate, do Atlético de Madrid...**
 - Na que **Jeannette publicaba “Soy rebelde”, John Lennon o seu “Imagine”, Led Zeppelin “Stairway to Heaven” e Serrat “Mediterráneo”.**
 - **Aquel ano, comezou a emitir RTVE en Galicia e en galego,** dando maior visibilidade a canto acontecía na nosa Comunidade...
 - E tamén en 1971 foi **declarada oficial a riqueza histórica e cultural do centro histórico e da Muralla de Lugo.**
- **Sen embargo, por suposto, o máis importante foi a instalación do 1º belén eléctrico en Begonte.**

- Quen lle tería dito aos begonteses de **hai 53 anos** que o que entón parecía unha rareza acabaría sendo un dos maiores atractivos turísticos e culturais do pobo... e, sen dúbida, **un dos maiores motivos de orgullo para todos os veciños.**
 - O Belén de Begonte non é só un reclamo para os visitantes, como testemuña a súa **declaración como Ben de Interese Turístico...**
 - Tamén unha **imaxe simbólica da unión que define a este pobo, unha parte da súa identidade que prevalece ao paso do tempo, que se herda entre xeracións...** E no que, aínda cos cambios que poda ter cada ano, mantén a mesma maxia que en 1972...

- Entón, **os esforzos do cura José Domínguez Guizán e do artestán José Rodríguez Varela** puxeron un mimo distintivo para unha **tradición case milenaria como é a dos beléns...**

- A Historia dinos que **as primeiras representacións belenísticas estaban xa nos muros das catacumbas romanas, no século II...** Case **100 anos antes de que o día 25 de decembro fose designado como data oficial de celebración do Nadal.**

- Tivemos que esperar até o **século V para que por fin aparecesen os primeiros Beléns físicos,** que o papa Sixto III creou **dos fragmentos do “Santo Berce”...**
 - E que **hoxe aínda se poden ver na Basílica de Santa María a Maior,** convertida dende entón nunha das máis importantes de toda Roma.

- Ao **longo dos séculos, a imaxe que temos do Belén foi tomando forma:**
 - Primeiro, coa **saída ao espazo público e incluso ás representacións teatrais do episodio do Belén no século VIII.**
 - Despois, coa **primeira recreación do belén católico que inclúe a Xosé, María e o Neno, idea de Francisco de Asís na cidade italiana de Greccio /Grequio/, que entendía que así se achegaría a mensaxe relixiosa á poboación iletrada que non tiña acceso á Biblia...**
 - **Foi o propio San Francisco quen colocou a palla e os animais (que non aparecían na Biblia) coa disposición que aínda hoxe se ve en vilas e cidades de todo o mundo.**

- A lenda conta incluso que o neno Xesús, levado pola emoción, cobrou vida e comezou a chorar e a estender os seus brazos cara ao Santo...

- Foi tal o éxito do belén de San Francisco que moi **pronto todos os pobos quixeron emulalo e cada un foi aportando a súa propia fórmula para facelo único:**
 - Dende a **posta en escena con persoas reais que levaron a cabo por primeira vez en no século XIV...**

 - Ata **o primeiro pesebre con figuras de madeira, exposto por primeira vez en 1534 en Nápoles...**

 - E **incluso no noso país, co belén monumental de Badaxoz, o viviente de Buitrago de Lozoya ou o belén mudéxar de Sevilla...** Aínda que, **como é lóxico, o mellor é o de Begonte, por suposto.**

- Con esta pequena viaxe pola Historia dos Beléns quero salientar que **o que fai que un Belén sexa único, o que lle inculca a vida e a alegría que todos comparten, é o propio acervo popular...**
- **O espírito da Comunidade, a vontade humana, a tradición artística e espiritual únennos a todos en torno a un proxecto común...** que celebra non só a chegada do Nadal, senón tamén que **entre todos construímos os símbolos que nos fan ser parte desta terra.**
- Como dixen ao comezo, **o Belén de Begonte é moito máis que a máis importante representación deste tipo que temos en Galicia: é tamén o corazón deste concello,** un fenómeno que ano a ano renovan os veciños e que **elevan a categoría de arte con novos engadidos de xeración a xeración.**
- **Para escribir a historia de Begonte, basta botar un ollo aos cambios que experimentou**

- o seu Belén, a transformación das pezas, o coidado na disposición...
- Cada ano sobre estas datas, **Begonte reinventa unha imaxe atemporal e, ao facelo, combina a tradición relixiosa universal coa creatividade na súa máxima expresión...**
 - **Máis de 50 anos despois, o Belén de Begonte mantén o seu poder cativador...inspirador... e tamén espiritual...**
 - Se estas datas son para estar coa familia e para o reencontro, creo que **Begonte se reencontra consigo mesmo en torno ao seu belén...**
 - Confío que a longa tradición se manteña grazas ao traballo de xente como **Xulio Xiz**, e que este Belén siga sendo un emblema non só para o Concello, senón para toda Galicia.
 - **Viva Begonte e viva o seu Belén! Moitas grazas a todos, e moi feliz Nadal!**